

O PRIMEIRO TERZO DO SÉCULO XX: AS IRMANDADES DA FALA E AS LOITAS AGRARIAS

Durante as tres primeiras décadas do século XX, en Galicia prodúcense importantes cambios sociais e culturais. Entre os primeiros, salienta o **movemento agrarista**, que reivindica unha mellora das condicións de vida do campesiñado. Dos segundos, destaca a creación das **Irmandades da Fala**: elas serían a semente do intenso pulo cultural e político que houbo deica o ano 1936.

Galicia a comezos do século XX

Galicia inicia o século XX cunha sociedade marcada por un forte atraso económico. As forzas hexemónicas eran a fidalguía e a Igrexa, que tiñan a propiedade da terra. O campesiñado continuaba emigrando de xeito masivo, sobre todo a América. Durante o primeiro terzo do século, producíronse unha serie de cambios que modificaron esta situación:

- A caída da fidalguía, producida pola desaparición do sistema foral. O campesiñado puido acceder así á propiedade das terras que traballaba e mellorar as súas condicións de vida. Isto último veu favorecido polas remesas de diñeiro que mandaban os emigrantes e polas novas técnicas introducidas no agro.
- A burguesía industrial e comercial comeza a ter un certo peso na sociedade galega. Hai un medre da industria conserveira, a construción naval, o comercio e a banca.
- Dáse un transvasamento de poboación, que vivía da agricultura e da pesca, cara á industria, o comercio e os servizos. O medre da industria en cidades como A Coruña e Vigo impulsa a aparición de organizacións e sindicatos obreiros.

O movemento agrario

O agrarismo xurdiu a principios do século como un amplo movemento reivindicativo do campesiñado, que se agrupou en sociedades e sindicatos agrarios. Naceu como reacción á inxusta institución dos foros, que, unida ao caciquismo e aos impostos, condenaba aos labregos á miseria ou á emigración.

Unha das asociacións agrarias máis salientables foi Acción Galega, fundada en 1910 por Basilio Álvarez, cura de Beiro (Ourense), que propugnaba a desaparición dos foros e a transformación da agricultura.

A redención dos foros vai ser a reivindicación máis relevante do movemento: un obxectivo que se conseguirá oficialmente no ano 1926 durante a ditadura do xeneral Primo de Rivera.

As Irmandades da Fala

O movemento das Irmandades da Fala xurdiu no ano 1916, promovido por Antón Villar Ponte. O seu obxectivo principal era reivindicar a lingua e a cultura de Galicia. As Irmandades estendéronse axiña por todo o país, sumándose a elas intelectuais e escritores como Cabanillas, Otero Pedrayo, Castelao, Risco e moitos outros.

En 1918 agrupáronse nunha federación e celebraron en Lugo a I Asemblea Nacionalista Galega. O manifesto desta asemblea marcou o nacemento do nacionalismo galego:

Sabías que...?

?

Un **foro** é un tipo de contrato, especialmente agrario, polo que unha persoa ou institución cede a outra o uso ou proveito dun ben (xeralmente unha terra) a cambio do cumprimento de diversas condicións previamente estipuladas.

Basilio Álvarez, «o cura de Beiro».

